

ELECCIÓN XUNTA DE PDI

10 DE XUÑO DE 2015

POLA DIGNIFICACIÓN DA LABOR DOCENTE

A valoración da actividade docente na Universidade é moi baixa, ata o punto que algúns docentes a consideran como a peaxe que hai que pagar para poder facer investigación. Pero o certo é que somos PDI e non PID, e a docencia leva aparellada unha responsabilidade de cara a terceiros. Por iso dende a AGPTU entendemos que hai que dar pasos decididos para virar a situación.

En primeiro lugar, cómpre facer unha diagnose do problema, e para nós o mais salientable é a existencia de graves diferenzas entre os Departamentos. Así, atopamos Departamentos con folgoras sensíbles fronte a outros nos que son practicamente inexistentes. É obvio que a calidade da docencia se resente no segundo caso, cando ademais se obriga a varios docentes a compartir materias, ás veces para dar unhas poucas horas. A orixe do problema está na inexistencia dunha RPT (Relación de Postos de Traballo) que permita facerse unha idea global da situación, e a suicida política de fuxida cara adiante dos diferentes equipos de goberno que, lonxe de afrontar a situación, permitiron que esta se degradase. Por iso a nosa primeira esixencia de contarmos coa vosa confianza será a elaboración da RPT para tomar medidas que eviten que o problema empeore. Nun segundo paso trataríase de equilibrar a medio prazo a situación dos diferentes Departamentos, garantindo que todos posúan unha certa folgora (cando menos a mínima para cubrir unha baixa repentina).

En segundo lugar, a implantación do sistema de avaliación continua supón unha carga moi importante de traballo que non está cuantificada nin valorada axeitadamente. Este sistema supón ademais que haxa alumnado pouco motivado que asiste a clase buscando obter puntos pero sen valorar o propio sistema e mesmo poñendo trabas e causando pequenos conflitos. Estas actitudes, aínda sendo a maior parte das veces minoritarias, repercuten negativamente na labor do profesorado e no traballo do resto do alumnado. Fronte a esta situación, na AGPTU entendemos que é urxente a elaboración dun regulamento ou normativa de convivencia, que proporcione aos equipos directivos dos centros as ferramentas precisas para atallar comportamentos indesexables nun contexto máis actualizado que o regulamento disciplinario de 1954 (que é o que actualmente está en vigor, ver BOE do 12 de outubro dese ano). Estamos convencidos que unha actuación contundente neste sentido melloraría a calidade da docencia.

Por último, e neste mesmo sentido, propoñemos un recoñecemento claro de todas as labores docentes do profesorado.